



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

BASES REGULADORAS DA I EDICIÓN DO CERTAME POÉTICO ROSALÍA DE CASTRO

Primeira. Poderán optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas non premiadas noutros concursos, que estean escritas en lingua galega.

Segunda. O premio é único e indivisible e estará dotado coa cantidade de 1500 euros incluídos nesta cantidade todos os impostos que lle sexan aplicables, e un diploma acreditativo.

O Concello de Padrón resérvase o dereito de publicar ou editar a obra gañadora.

Terceira. O tema das obras será de libre elección así como a forma poética escollida. As obras terán unha extensión mínima de 400 versos. A presentación será feita en papel e soporte dixital, escrita en formato Word ou Open Office, con tipo de letra Arial e tamaño 12.

Cada obra será presentada por quintuplicado, baixo o sistema de plica, polo que será enviada xunto cun sobre, en cuxo exterior conste: I Premio de Poesía Rosalía de Castro, o título da obra e o seu lema, así como o pseudónimo da persoa que sexa o autor ou autora da obra; no seu interior será incluída unha copia do documento de identidade, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico, un breve currículo e unha declaración de que a obra é inédita e non foi premiada, ata a data de presentación, en ningún outro certame ou premio.

Cuarta. O prazo de presentación dos orixinais comezará o 18 de febreiro e rematará o 15 de abril de 2015.

Os orixinais, tamén en soporte dixital, enviaranse ao Concello de Padrón, R/Longa nº 27. 15900 Padrón (A Coruña), indicando no sobre I Premio de Poesía Rosalía de Castro.

Quinta. O xurado estará presidido polo alcalde ou alcaldesa do Concello de Padrón e formarán parte del o concelleiro ou concelleira delegada de cultura, e cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da poesía, literatura galega, comunicación e/ou eido cultural, que será nomeados por resolución do alcalde/sa do Concello de Padrón, actuando como secretaria a da corporación ou funcionario no que delegue.

Tamén integrarán o xurado un representante de cada grupo político, que será designado por cada unha das respectivas formacións no prazo e forma requiridos polo Concello.

A composición do xurado será feita pública, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro e na páxina web do Concello, co fin de que se poidan interpor, de ser o caso, os recursos legais pertinentes.

Sexta. Os participantes terán a obriga de comunicarlle ao Concello de Padrón a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

A decisión do xurado terá lugar antes do 17 de maio do ano 2015 e será dada a coñecer a través do taboleiro de anuncios e da páxina web do Concello.

O premio será entregado no mes de maio, con motivo da celebración o día 17 do Día das Letras Galegas e como conmemoración tamén da citada efeméride – por ser o 17 de maio de 1863 cando se publicou en Vigo Cantares Gallegos-.

A data e hora exactas da entrega serán acordadas entre o Concello de Padrón, a través da concellería de cultura, e o premiado ou premiada, se ben deberá coincidir, de non ser o mesmo 17 de maio, nunha data

próxima ao dito día.

Sétima. *Non se devolverán as obras presentadas e non premiadas, e a partir do día seguinte ao da decisión do xurado, serán destruídas.*

Oitava. *A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.*